

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5  
DE MAIO DE 2017**

**SRES. ASISTENTES:**

**ALCALDE PRESIDENTE:**

*Don Francisco García Suárez*

**CONCELLEIROS:**

*Don Bernardo Varela López*

*Don Alberto Conde Rodríguez*

*Dona María Elena Suárez Estévez*

*Na Casa do Concello de Allariz, cando son as trece horas e trinta minutos do día cinco de maio de dous mil dezasete, previamente convocados, reuníronse os sres. concelleiros á marxe expresados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, a fin de celebra-la sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.*

**SECRETARIO:**

*Don Maximino Jardón Pedras*

-----**ORDE DO DIA**-----

**1.- APROBACION DA ACTA DA SESION ANTERIOR**

**2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

**3.- URBANISMO**

**4.- GASTOS E PAGOS**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 07/04/2017.

**2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

**2.1.- ASUNTO.- *Convenio de data 29 de abril de 2008 entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello de Allariz para a xestión da galescola "Pañolín Rompenubes" de Allariz integrada a rede galega de galescolas infantís (galescolas).- Mantemento do réxime xurídico e cofinanciamento que deriva deste convenio.***

Visto o réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades que se regula no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG núm. 28, de 9 de febreiro de 2017).

Considerando que o Concello de Allariz ten asinado un convenio de data 29 de abril de 2008 co Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar para a xestión da galescola “Pañolín Rompenubes” de Allariz integrada na rede galega de galescolas infantís (galescolas) que contempla un determinado réxime xurídico e de cofinanciamento cunha duración de dez anos naturais prorrogables automaticamente por períodos de igual duración se ningunha das partes se opón á prórroga antes do inicio do último ano do correspondente período (cláusula quinta).

Considerando que o citado artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, no seu apartado cinco, declara que *“o réxime de cofinanciamento previsto nesta disposición e no anexo I será aplicable aos convenios xa subscritos polas entidades locais e o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e Benestar e, así mesmo, será aplicable ás entidades locais que non teñan convenio asinado pero respecto das cales o Consorcio asumise ou asuma a xestión dos centros localizados no territorio dos ditos concellos. En ambos os casos será aplicable unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local no que se opte polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que derive do convenio no seu día formalizado. Neste último caso, o Consorcio procederá á exixencia, polas vías legais procedentes, das cantidades íntegras pendentes de pagamento segundo o réxime que derive do correspondente convenio, sen prexuízo do seu dereito a resolver o convenio por incumprimento.*

Facendo uso da habilitación legal que o citado artigo 69.cinco atribúe a esta entidade local,

A Xunta de Goberno Local, pola unanimidade de tódolos seus membros presentes na sesión,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Optar polo mantemento do réxime xurídico e de cofinanciamento que se deriva do convenio de data 29 de abril de 2008 asinado entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o Concello de Allariz para a xestión da galescola “Pañolín Rompenubes” de Allariz integrada a rede galega de galescolas infantís (galescolas).

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, tan amplamente como en dereito proceda para que execute, en tempo e forma, o presente acordo, ordenando a tal efecto e con esta finalidade, a expedición e firma de cantos documentos sexan necesarios.

#### **2.2.- Da Organización da Festa do Boi.-**

Tendo en conta a identificación dos vecinos e veciñas de Allariz coa festa municipal **“FESTA DO BOI”** que tradicionalmente se ven desenvolvendo na nosa vila, contando mesmo cun festivo local;

Considerando a necesidade de facilitar a participación popular no desenvolvemento, programación e execución deste evento festivo municipal;

Vistas as xuntanzas mantidas baixo a coordinación da Asociación Cultural Xan de Arzúa, dos numerosos gremios, asociación e particulares que participan no desenvolvemento e programación da festa con carácter aberto;

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda encomendar** á “Asociación Cultural Xan de Arzúa” o desenvolvemento e coordinación das actividades previstas na Festa

do Boi, sen menoscabo da responsabilidade legal que lle corresponde ao Concello de Allariz como actividade festiva municipal propia.

**2.3.- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil**, que comunica resolución de expediente de autorización para a corta de doús sauces e catro alisos en zona de servidume dun arroio innominado afluente do río Arnoia en San Mamede, no término municipal de Allariz, a petición de dona Teresa Rodríguez Piñeiro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **toma razón**.

**2.4.- De don Luis Iglesias Conde**, veciño de Allariz, que solicita a concesión dun vado para a entrada ao garaxe da súa propiedade, sito en Paseo do Portovello, nº 5.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Policía Local no que fai constar que se trata dun acceso a un garaxe dunha vivenda unifamiliar, cunha entrada de vehículos habilitada co correspondente rebaixe na beirarrua para o acceso dos mesmos, tendo destinado o baixo para o resguardo de vehículos, por unanimidade, **acorda acceder ao solicitado**.

**2.5.- De dona Carmen Pintada García**, veciña de Vigo, que solicita que se lle anule o recibo da taxa por recollida do lixo do ano 2017, do inmovible sito na Rúa Hospital, nº 52, a nome de dona María Luisa Pintado Saborido, alegando que non se atopa en condicións aptas para vivir.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da Policía Local, no que fai constar que se trata dun inmovible unifamiliar, cuxa estrutura exterior e cuberta atópanse en bo estado de conservación estando o inmovible deshabitado e non podendo acceder ao interior do inmovible para avaliar o seu estado, polo tanto, por unanimidade, **acorda non acceder ao solicitado**.

**2.6.- De dona Carmen Fernández Gómez**, veciña de Allariz, que solicita que en relación a vivenda sita en A Enfestela, nº 7, da cal é propietaria dende o ano 2010 do 46% do inmovible, que se lle anule o recibo do lixo do ano 2012 por estar prescrito, se lle considere a débeda pendente dos recibos do lixo dos anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017 o importe correspondente ao 46%, da mesma, e se lle recoñeza a propiedade da vivenda, correspondente ao 46% do inmovible inicial, por herdanza, pertencente aos seus pais, xa falecidos, xa que ten a súa propia referencia catastral nº 8743943NG9784S0001DZ e se lle asigne nova numeración.

Vista a documentación presentada pola interesada, copia do acordó de alteración de titularidade expedido pola Xerencia Territorial do Catastro con data de alteración do 10 de setembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda:**

**1.- Anular** o recibo do lixo do ano 2012 por estar prescrito.

**2.- Considerar** que o importe da debida pendente dos recibos do lixo, dende os anos 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017, sexa o **46%** do total.

**3.-** Ter en conta que por **segregación do inmovible** concedida por Decreto da Alcaldía de data 06/06/2012 por parte deste Concello, resultaron dous inmovibles independentes con referencias catastrais nºs 8743943NG9784S0001DZ e 8743944NG9784S0001XZ.

**4.- Renumerar** os inmovibles resultantes do seguinte modo: o de referencia catastral 8743944NG9784S0001XZ pertencente a don Manuel Fernández Gómez co número 7 e o de referencia catastral 8743943NG9784S0001DZ pertencente a dona Carmen Fernández Gómez co número 7 B.

**5.-** Que polo Servizo de Recadación deste Concello se **practiquen** as correspondentes altas nos padróns tributarios (lixo, auga, IBI...) a nome de dona Carmen Fernández Gómez e Manuel Fernández Gómez das dúas vivendas resultantes da segregación do inmovible e se expidan os recibos pendentes de pago as dúas partes interesadas.

### **2.7.- Ratificación de Decretos,**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda a ratificación do seguinte Decreto da Alcaldía:

**1.- Decreto da alcaldía de data 2 de maio de 2017.**

**Asunto: Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos 2017.**

Visto os proxectos básicos redactados por E.I.C. DURAN, S.L., en relación ás obras de “Acondicionamento Rúa da Granxa e Paseo do Portovello” e “Construción de Beirarrúas no Piñeiro”

De conformidade coas bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais, aprobada por acordo do Pleno da Deputación de data 27/01/2017.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar os seguintes proxectos de execución de obras:

DATOS XERAIS			ORZAMENTO (EUROS)
Denominación	Técnico Redactor	Obra nº	
ACONDICION. RÚA DA GRANXA E PASEO DO PORTOVELLO	E.I.C. DURAN, S.L.	01/POS/2017	59.500,00 €
CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO PIÑEIRO	E.I.C. DURAN, S.L.	02/POS/2017	35.500,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>95.000,00 €</b>

**SEGUNDO.-** Solicitar á Deputación Provincial a delegación de competencias para a contratación das obras.

**TERCEIRO.-** Declarar expresamente que as actuacións propostas cumpren coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable, e dispoñen das autorizacións sectoriais esixibles.

**CUARTO.-** Declarar, así mesmo, que o Concello de Allariz ten a plena dispoñibilidade dos terreos sobre os que se vai a levar a cabo a execución das obras descritas nos proxectos técnicos.

**QUINTO.-** Facultar ao Sr. Alcalde para expedir e asinar cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

**SEXTO.-** Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local para a súa ratificación.

**2.8.- ASUNTO:** Solicitude de cambio de titularidade dun treito dunha estrada autonómica (A-320) a prol do Concello de Allariz.

Por Decreto 384/2009, do 27 de agosto, acordouse pola Xunta de Galicia o cambio de titularidade a favor do Concello de Allariz do treito da estrada OU-320, dende o p.k. 8+240 ata o 9+460, ambos dous incluídos, cunha lonxitude de 1.220 m ao seu paso polo núcleo de Allariz.

Recentemente executáronse obras de acondicionamento na beiras da citada estrada pola Consellería de Medio Ambiente o Ordenación do Territorio e mesmo por parte do Concello

tamén se executaron obras de construción de beirarrúas na parte de titularidade municipal no treito coñecido como O Piñeiro.

Tendo en conta que este tramo da OU-320 ten o mesmo carácter de vía urbana, igual que o treito cedido polo Decreto 384/2009, procedería acordar o cambio de titularidade ó Concello o cal sería coherente co uso urbano que ten esta vía.

Polo Exposto,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Solicitar á Xunta de Galicia o cambio de titularidade a favor do Concello de Allariz do treito da estrada OU-320 dende o p.k. 9+460 (ponte) ata o p.k. 10 (O Piñeiro).

**Segundo.-** Facultar ó Sr. Alcalde para asinar os documentos necesarios para a completa execución deste acordo.

### **3.- URBANISMO**

#### **3.1.- Licencia de Obras**

a).- Visto o proxecto básico e de execución presentado por **doña Rosa Plácido Rodríguez**, en representación da **Comunidade de Propietarios Emilia Pardo Bazán, 76**, de Allariz, para a **Instalación de Ascensor en Edificio de Vivendas**, sito na **Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 76**, deste término municipal, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo Arquitecto don Rafael Nogueiras Mascarenhas, na data do 12 de marzo de 2017.

Visto o informe favorable do Técnico Municipal.

De conformidade coa proposta que contén o informe do Secretario.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.-** Conceder licencia urbanística á **Comunidade de Propietarios Emilia Pardo Bazán, 76**, de Allariz, para a **Instalación de Ascensor en Edificio de Vivendas**, sito na **Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 76**, deste término municipal, e de acordo coas seguintes determinacións:

As obras axustaránse na súa execución ó proxecto técnico e Anexos presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no Plan/estudo de seguridade.

**Segundo.-** As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de 6 meses, a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de 3 anos, a contar igualmente a partir da notificación desta resolución.

**Terceiro.-** Dar conformidade á liquidación da taxa e imposto municipal sobre as construcións, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e nos termos estrictos da solicitude.

**Cuarto.-** Notificar a presente resolución ós interesados ós efectos oportunos.

**ORZAMENTO DAS OBRAS AO EFECTO DE LIQUIDACIÓN DE TAXAS :  
22.868,82 EUROS.**

### **3.2.- Cambio de Titularidade de Establecementos.**

a).- **De dona Maider Martínez Pérez**, veciña de Allariz, en representación da sociedade **AGARIMO ALLARIZ, S.C.**, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Vivenda Comunitaria de Persoas Maiores” sita en Outeiro de Orraca, nº 80, desta vila e anteriormente a nome de Encarnación Moreiras Paredes.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “**Vivenda Comunitaria de Persoas Maiores**”, á sociedade Agarimo Allariz, S.C., co nome comercial de “**AGARIMO ALLARIZ**”, previo pagamento das taxas municipais.

b).- **De dona Josefa Devesa Pérez**, veciña de Xinzo de Limia, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Comercio polo miudo de Calzado e Complementos de Piel” sita na Rúa San Lázaro, nº 48 - baixo, desta vila e anteriormente a nome de Lara Cordeiro Sanromán.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “**Comercio polo miudo de Calzado e Complementos de Piel**”, a dona Josefa Devesa Pérez co nome comercial de “**DEVESA MODA**”, previo pagamento das taxas municipais.

c).- **De don Javier Bernal Herzog**, veciño de Allariz, en representación da sociedade **SABORES DO AVÓ, S.L.**, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Comercio polo miudo de Prendas de Vestir” sita en Estrada de Xunqueira, nº 3 - baixo, desta vila e anteriormente a nome de Ana Isabel Esteban Carreira.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “**Comercio polo miudo de Prendas de Vestir**”, á sociedade Sabores do Avó, S.L., co nome comercial de “**ALMA**”, previo pagamento das taxas municipais.

d).- **De dona Ramona Prol González**, veciña de Allariz, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Café - Bar” sito na Rúa Emilia Pardo Bazán, nº 26 – baixo - Galerías, desta vila e anteriormente a nome de Yago Lage Castro.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “**Café - Bar**”, a dona Ramona Prol González, co nome comercial de “**ENXERGA**”, previo pagamento das taxas municipais.

e).- **De dona Elia Ruiz Urrutia**, veciña de Allariz, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Comercio polo Miúdo de Prendas de Vestir” sita na Rúa Alexandre Bóveda, nº 4 - baixo, desta vila e anteriormente a nome de Marta Morán González.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “Comercio polo miúdo de Prendas de Vestir”, a dona Elia Ruiz Urrutia, co nome comercial de “BAMBAN”, previo pagamento das taxas municipais.

f).- **De don Jorge Fernández Araujo**, veciño de Allariz, en representación da sociedade SANDE, S.C., que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Carpintería Metálica” sita no Polígono Empresarial de Chorente, Zona C, Parcela nº 38, desta vila e anteriormente a nome de Jorge Fernández Araujo.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “Carpintería Metálica”, á sociedade Sande, S.C., co nome comercial de “ALUMINIOS SANDE”, previo pagamento das taxas municipais.

g).- **De don Carlos Rodríguez Rodríguez**, veciño de Ourense, que solicita o cambio de titularidade do establecemento de “Reparación de Automóviles e Bicicletas” sita no Polígono Empresarial de Chorente, Parcela nº 9, desta vila e anteriormente a nome de José Blanco Balvís.

A Xunta de Goberno Local, á vista das declaracións censais de alta e baixa da Axencia Tributaria da Delegación de Facenda, por unanimidade, **acorda conceder o cambio de titularidade** da actividade de “Reparación de Automóviles e Bicicletas”, a don Carlos Rodríguez Rodríguez, previo pagamento das taxas municipais.

### **3.3.- Apertura de Establecementos e/ou Toma de Razón de Inicio Actividade.**

a).- Vista a *Comunicación Previa* de data 31 de marzo de 2017 presentada por dona **Sandra Chartos Arentoft**, en representación da sociedade “ARUME BY TRAPIÑOS, S.L.”, para a apertura e posta en funcionamento do establecemento de “Tenda de Roupa, Calzado e Complementos” sita en Rúa Fonteiriña, nº 12 – Baixo, desta vila.

Visto o informe favorable do Técnico Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma razón do inicio da actividade de “Tenda de Roupa, Calzado e Complementos” co nome comercial de “TRAP.KOM.”, a desenrolar no enderezo indicado, tendo que abonar a interesada as taxas municipais correspondentes.

Ao mesmo tempo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tamén **toma razón** do inicio e remate das obras para a instalación da “Tenda de Roupa, Calzado e Complementos”, a desenrolar no enderezo indicado, tendo en conta que o proxecto presentado cumpre coa normativa específica da actividade que se vai a levar a cabo.

#### 4.- GASTOS E PAGOS

**Aprobación de Facturas.** Vistas as contas e facturas presentadas, por unanimidade, a Xunta de Goberno Local acorda ordenar os seguintes pagos:

##### 4.1.- Ratificación de Decretos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a ratificación dos seguintes Decretos da Alcaldía, referidos á aprobación de facturas, que por razón da súa cuantía, a competencia corresponde á Xunta de Goberno:

##### 1.- Decreto de data 6 de abril de 2017.

##### ASUNTO: Aprobación facturas.

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
VEHIC., EQUIP. Y CARRO CER. PRIETO-PUGA, S.L., factura nº 70051	5.674,34 euros
SOGAMA, SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, factura nº 2017/0750	12.783,77 euros
<b>TOTAL</b>	<b>18.458,11 euros</b>

**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesourería municipal.

##### 2.- Decreto de data 11 de abril de 2017.

##### ASUNTO: Aprobación facturas.

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
CODISOIL, S A., factura nº O1-704320	5.440,00 euros

**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesourería municipal.

**3.- Decreto de data 24 de abril de 2017.**

**ASUNTO: Aprobación facturas.**

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
GALP ENERGÍA ESPAÑA, S.A.U., factura nº 8800929709	4.154,22 euros
TROLEIRO, S.C., factura nº 1 000019	4.719,00 euros
EDICIONES BOLANDA, S.L., factura nº 4352	3.068,00 euros
<b>TOTAL</b>	<b>11.941,22 euros</b>

**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesourería municipal.

**4.- Decreto de data 28 de abril de 2017.**

**ASUNTO: Aprobación facturas.**

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
A. CID TESOURO, Cerrajería Metálica e Artística, factura nº 109	17.569,20 euros
TOLDOS GOMEZ, S.L., factura nº 000025	5.127,27 euros
<b>TOTAL</b>	<b>22.696,47 euros</b>

**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesourería municipal.

**5.- Decreto de data 28 de abril de 2017.**

**ASUNTO: Aprobación facturas.**

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137006672303	133,45 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004618389	30,66 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004234706	112,38 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004574264	76,68 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004640782	55,07 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004669087	128,77 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004810448	65,88 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004568071	73,92 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004570002	31,86 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004574450	65,49 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004576094	99,03 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004572621	81,03 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004590181	177,89 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004575253	72,72 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004580357	49,77 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004563082	77,09 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004563925	68,20 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004594122	153,54 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004596912	212,28 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004579484	139,94 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004589712	47,87 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004591030	137,98 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004616448	65,81 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004618076	206,53 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004602070	216,67 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004612674	69,31 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004608533	128,18 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004629252	57,85 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004634702	327,21 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004617908	175,00 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004611872	337,88 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004621561	341,44 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004624191	75,47 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004630316	76,08 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004630268	33,82 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004646067	323,53 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004630270	171,19 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004635196	54,22 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004653221	136,58 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004646818	140,36 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004582051	16,11 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004635198	179,82 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004632916	97,94 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004635596	88,33 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004637651	224,07 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004647227	56,19 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004664830	37,70 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004590492	54,03 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004643689	66,03 euros

GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004642942	49,45 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004630426	144,53 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004678806	168,14 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004677448	201,30 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004678715	179,55 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004689534	193,49 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004667814	113,70 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004685895	20,58 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004685941	114,42 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004668247	21,30 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004668251	207,21 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004668474	141,56 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004674123	32,89 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005622771	89,25 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004671763	83,09 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004672379	67,03 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004713900	11,16 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004613637	31,19 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004713624	29,56 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004936028	65,76 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004597854	92,46 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004940683	12,10 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004690357	231,78 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004832600	182,38 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005432827	14,86 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004811588	68,62 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004819223	49,91 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004831424	371,08 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004827055	16,14 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137006383074	93,59 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004619431	61,75 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004652821	222,10 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004658998	125,51 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004686190	109,21 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005438566	136,54 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005615774	33,65 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005626586	114,20 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005644098	16,89 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005674523	34,49 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005701685	96,74 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137006366486	245,93 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137004669664	64,67 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005637733	15,17 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137005800410	249,82 euros
GAS NATURAL S.U.R. SDG, factura nº FE17137007521188	36,15 euros
<b>TOTAL</b>	<b>10.509,55 euros</b>

**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesoureria municipal.

**6.- Decreto de data 28 de abril de 2017.**

**ASUNTO: Aprobación facturas.**

Vista a proposta dos Servizos Municipais, en uso das atribucións que lle confire a legalidade vixente e ó abeiro do disposto no artigo 21.1 f da Lei 7/85 do 2 de abril,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación de facturas de gastos que a continuación se indican e que ratificará a Xunta de Goberno Local na próxima sesión:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321228857503	499,97 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227316384	287,79 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399333	416,68 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399332	2.729,72 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399337	197,22 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227579519	91,62 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227579523	259,36 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227579522	124,78 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227579521	401,77 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227316171	1.304,50 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227463588	420,05 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227745560	220,27 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227745559	542,55 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227745561	392,29 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227869344	1.484,97 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399519	974,46 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227870960	1.782,60 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399338	334,01 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399335	935,48 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399334	904,43 euros
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A., factura nº FE17321227399336	951,50 euros
<b>TOTAL</b>	<b>15.256,02 euros</b>


**SEGUNDO.-** Dese conta da aprobación ao servizo de tesourería municipal.

**4.2.- Facturas.**

DENOMINACIÓN	IMPORTE
BLANCO QUINTAS, factura nº X01/1699	3.451,89 euros
ASOCIACION AIXIÑA, factura nº 001000355	4.595,10 euros
<b>TOTAL</b>	<b>8.046,99 euros</b>

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do mesmo día do seu comenzo, levántase a sesión do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.

O ALCALDE



O SECRETARIO

